

Adaptación da programación didáctica

CURSO 2019/2020

Maio 2020

- **CENTRO**
 - CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane
- **CURSO:**
 - 5º Primaria
- **MATERIAS:**
 - Lingua Castelá
 - Lingua Galega
 - Matemáticas
 - Ciencias Naturais
 - Ciencias Sociais

ÍNDICE

1 Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

- 1.1 Lingua Castelá
- 1.2 Lingua Galega
- 1.3 Matemáticas
- 1.4 Ciencias Naturais
- 1.5 Ciencias Socias

2 Avaliación e cualificación.

3 Metodoloxía e actividades do 3º Trimestre

- 3.1 Alumnado que dispón dunha conexión continuada a Internet
- 3.2 Alumnado que non dispón dunha conexión continuada a Internet

4 Información e publicidade

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

1.1 Lengua Castelá

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTANDAR DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none">Participar en situacións de comunicación respectando as normas da comunicación.	Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos. Expressa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos e emocións con claridade.
<ul style="list-style-type: none">Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario axeitado e estrutura coherente..	Expressa as súas propias ideas comprensiblemente. Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situacións de comunicación
<ul style="list-style-type: none">Producir textos orais breves e sinxelos adecuados ao nivel dos xéneros máis habituais imitando modelos.	Elabora comprensiblemente textos orais do ámbito escolar e social e de diferente tipoloxía
<ul style="list-style-type: none">Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos, con fluidez e entoación adecuada.	Le en voz alta e en silencio diferentes tipos de textos apropiados á súa idade con velocidade, fluidez e entoación adecuada.
<ul style="list-style-type: none">Utilizar as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.	Utiliza as Tecnoloxías da Información e Comunicación para a procura e tratamento guiado da información.
<ul style="list-style-type: none">Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.
<ul style="list-style-type: none">Utilizar as Tecnoloxías da Información e a Comunicación de modo eficiente e responsable para presentar as súas producións.	Usa con axuda Internet e as Tecnoloxías da Información e a Comunicación para escribir.
<ul style="list-style-type: none">Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática, o vocabulario, así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua. Utiliza correctamente as normas de concordancia de xénero e número na expresión oral e escrita. Aplica as normas de acentuación e clasifica as palabras dun texto.
<ul style="list-style-type: none">Utilizar unha sintaxe adecuada ao seu nivel educativo.	Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

1.2 Lingua Galega

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTANDAR DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> Comprender as ideas principais dun texto oral sinxelo, procedentes da radio, da televisión ou da Internet, identifica o tema e elabora un resumo. 	<p>Comprende as ideas principais dun texto oral sinxelo.</p> <p>Comprende o significado literal e inferencial dun texto oral sinxelo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Elaborar textos orais sinxelos imitando modelos de calquera medio de comunicación. 	<p>Elabora textos sinxelos propios dos medios de comunicación.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Participar axeitadamente nun acto comunicativo. 	<p>Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Planificar e elaborar un discurso de forma coherente e cun vocabulario propio do seu nivel educativo. 	<p>Participa na conversa formulando e contestando preguntas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Interpretar e comprender a información contida en textos de diferentes tipoloxía. 	<p>Comprende a información relevante de textos .</p> <p>Identifica as ideas principais e secundarias dun texto</p>
<ul style="list-style-type: none"> Ler textos en voz alta con bastante fluidez. 	<p>Le textos en voz alta con fluidez e precisión.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Planificar e elaborar textos coherentes respectando as normas básicas da ortografía e da gramática galega, en diferentes soportes, coidando a presentación. 	<p>Elabora o texto cunha estrutura definida.</p> <p>Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p> <p>Escribe textos sinxelos de carácter creativo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas. 	<p>Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Escoitar, memorizar e reproducir textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral 	<p>Escoita, memoriza e reproduce textos procedentes da literatura popular oral galega (refráns, adiviñas, lendas, contos, poemas, conxuros, ditos,cantigas) e da literatura galega en xeral</p>

1.3 Matemáticas

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTANDAR DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> Desenvolver e aplicar estratexias de razoamento para resolver problemas e reflexionar sobre eles. 	<p>Distingue entre problemas e exercicios e aplica as estratexias idóneas para cada caso.</p> <p>Toma decisións nos procesos de resolucións de problemas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números (romanos, naturais, fraccións e decimais ata as milésimas). 	<p>Identifica os números romanos .</p> <p>Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais, fraccións e decimais ata as milésimas).</p> <p>Ordena números enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental. 	<p>Redondea números decimais á décima, centésima ou milésima máis próxima.</p> <p>Ordena fraccións aplicando á relación entre fracción e número decimal.</p> <p>Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións.</p> <p>Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais.</p> <p>Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador. Calcula o produto dunha fracción por un número.</p> <p>Realiza operacións con números decimais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números. 	<p>Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números.</p> <p>Identifica múltiplos e divisores empregando as táboas de multiplicar.</p> <p>Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas. 	<p>Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados, empregando estratexias heurísticas e de razoamento.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Resolver problemas que impliquen o dominio de contidos traballados, incluídas as táboas de multiplicación. 	<p>Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Operar con diferentes medidas. 	<p>Estima lonxitudes, capacidades e masas.</p> <p>Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>

1.4 Ciencias Naturais

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTANDAR DE APRENDIZAXE
<ul style="list-style-type: none"> Traballar de forma individual e en equipo na realización de proxectos e pequenas experiencias, aportando informes orais ou escritos en diferentes soportes, e empregando fontes variadas. 	<p>Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante.</p> <p>Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área.</p> <p>Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico..</p> <p>Coñece e aplica estratexias de acceso e traballo na rede.</p> <p>Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Identificar, localizar e describir - explicando as súas funcións- os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano. 	<p>Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano.</p> <p>Identifica as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer estilos de vida saudables e os seus efectos positivos no funcionamento global do corpo. 	<p>Coñece os principios das dietas equilibradas, e elabora menús variados identificando ás prácticas saudables.</p> <p>Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Identificar e describir a estrutura dos seres vivos nomeando as principais características e funcións de cada un deles. 	<p>Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Identificar as características e clasificar aos seres vivos. 	<p>Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino</p> <p>Utiliza guías na identificación científica de animais vertebrados, invertebrados e plantas.</p> <p>Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p>

1.5 Ciencias Sociais

CRITERIO DE AVALIACIÓN	ESTANDAR DE APRENDIZAXE
------------------------	-------------------------

<ul style="list-style-type: none"> Realizar un traballo de investigación que supoña a busca, selección e organización de información sobre fenómenos previamente delimitados. 	<p>Busca información, selecciona a información relevante, a organiza, analiza, obtén conclusións sinxelas e as comunica oralmente e/ou por escrito.</p> <p>Realiza as tarefas encomendadas e presenta os traballos de maneira ordenada, clara e limpa.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para elaborar traballos de forma individual e grupal resolvendo conflitos que poidan xurdir de forma pacífica e democrática, por medio do diálogo e a cooperación. 	<p>Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material.</p> <p>Adopta un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando diferentes ideas e achegas nos debates.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer e utilizar as palabras claves e conceptos necesarios para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais 	<p>Ser autónomo na planificación e execución de accións e tarefas e ter iniciativa propia.</p> <p>Emprega de maneira axeitada o vocabulario adquirido para ser capaz de ler, escribir e falar sobre Ciencias sociais.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Describir as características principais do Sistema Solar identificando diferentes tipos de astros e as súas características. 	<p>Describe as características, compoñentes do Sistema Solar, localizando o Sol no centro do mesmo e os planetas segundo a súa proximidade.</p> <p>Define e representa o movemento de translación terrestre, o eixe do xiro e os polos xeográficos, asocia as estacións do ano ao seu efecto combinado e calcula os fusos horarios.</p> <p>Explica o día e a noite como consecuencia da rotación terrestre e como unidades para medir o tempo.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Identificar e clasificar os diferentes tipos de mapas interpretando os signos convencionais máis usuais. 	<p>Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores co determinan, identificando as causas e consecuencias do cambio climático. 	<p>Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que determinan en España.</p> <p>Explica que é unha zona climática, nomeando as tres zonas climáticas do planeta e describindo as súas características principais.</p> <p>Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste.</p>
<ul style="list-style-type: none"> Describe a organización territorial do Estado español así como os órganos de goberno. 	<p>Identifica, respecta e valora os principios democráticos máis importantes establecidos na Constitución e explica a importancia que a Constitución ten para o funcionamento do Estado español.</p>

2. *Avaliación e cualificación.*

PROCEDEMENTOS:

- Os titores levarán un rexistro das tarefas entregadas polos alumnos.

- Os alumnos que entreguen a meirande parte das tarefas considerárase que a súa participación é **SATISFACTORIA**.
- Os mestres realizarán unha **REVISIÓN INDIVIDUALIZADA**, fixándose en: *resultado final correcto o incorrecto, plantexamento adecuado, presentación e limpeza das tarefas, interese e implicación (preguntar o que non sei, innovar, aplicar coñecementos varios, orixinalidade...)*
- A participación **SATISFACTORIA** + **REVISIÓN INDIVIDUALIZADA** servirán para determinar a valoración do alumno, que poderá subir nota ou recuperar.
- Os alumnos que a súa participación sexa **NON SATISFACTORIA**, dado o carácter non obrigatorio das tarefas, manterán a nota media do 1º e 2º trimestre, e de ningún xeito poderán ser penalizados.

INSTRUMENTOS:

- *Rexistro de tarefas do alumnado.*
- *Equipos informáticos EDIXGAL.*
- *Observación directa e revisión individual da tarefa recibida.*
- *Material dixital EDIXGAL + produción propia.*

CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final farase tendo en conta as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres así como as actividades de reforzo e recuperación propostas desde o comezo do confinamento na casa, tendo en conta a situación persoal de cada alumno e dende unha perspectiva positiva.

ALUMNADO CON MATERIA PENDENTE:

Prestarase unha especial atención a avaliación do alumnado con materias pendentes, baseámonos en conxunto as avaliacións de todo o curso e, valorando especialmente, o grao de das aprendizaxes e das competencias imprescindibles.

No caso do alumnado do que non se dispoña de información obxectiva para a avaliación de materias pendentes ou avaliación negativa, poderá se requerido para a realización de traballos ou actividades que requiran unha avaliación obxectiva sobre as mesmas.

En canto aos criterios de cualificación, valorar o esforzo realizado para seguir mantendo hábitos diarios de traballo na realización das actividades propostas, sempre axudando para favorecer ao alumnado

3. Metodoloxía e Actividades 3º trimestre

Para poder comprender ben o plan de actividades temos que ter en conta que o CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane é un centro EDIXGAL e, como tal, no nivel de quinto de primaria o alumnado dispón de ordenador portátil propio e non emprega libro físico de ningunha editorial concreta.

Concretando estas instrucións o nivel de quinto de primaria decidiu partir das dúas situacións no que se atopa habitualmente o noso alumnado:

- ***Alumnado que dispón dunha conexión continuada a Internet.***
- ***Alumnado que non dispón de conexión continuada a Internet ou non dispón de conexión algunha.***

3.1 Alumnado que dispón dunha conexión continuada a internet

Para este alumnado a programación de actividades e tarefas resultou moito máis doado. Dentro da plataforma de traballo habitual, EVA, creamos unha materia nova que chamamos “Escola na casa”. Aquí matriculamos a todo o alumnado do nivel de quinto de primaria. Nesta materia creamos diferentes temas que se corresponden con cada un dos días lectivos e non presenciais debido á pandemia covid-19. Istos abranguen nunha primeira fase dende o luns 16 ata o venres 27 de marzo, e dende 13 de abril en adelante. En cada un destes días, segundo o horario lectivo, engadimos diferentes actividades e tarefas das áreas que corresponden. Deste xeito o alumnado so ten que ir ao correspondente día e facer as actividades que se propoñen sen ter que procurar as tarefas nas diferentes materias do nivel. Isto simplifica moito o seu traballo neste nivel educativo e ademais serve para coordinar as tarefas do profesorado do nivel.

As tarefas que se propoñen son actividades de reforzo e repaso da materia que, tal e como indican as instrucións, teñen carácter de ser non avaliadas polo profesorado cara á nota final da materia. Isto non quere dicir que non teñan seguimento, ou que non se corrixa, xa que a maior parte delas son actividades autoavaliadas seleccionadas en función do nivel e da área correspondente para cada un dos días. As actividades autoavaliadas son exercicios en liña que se corrixa automaticamente. Istos recursos extraense de diferentes editoriais dispoñibles na plataforma EVA e tamén de diferentes recursos web que

habitualmente se empregan nas aulas ordinarias.

Tamén é importante indicar que as tarefas inclúen o repaso a contidos do curso anterior que non se puideron dar neste. Deste xeito poderemos recordar os contidos traballados en cuarto para retomalos o próximo curso en maior profundidade.

Ademais disto tamén se propoñen actividades para realizar todos os días e que son correxidas proporcionando modelos de resposta colgados polo profesorado ao día seguinte na mesma plataforma.

Como medio de seguimento e asesoramento extraordinario para o alumnado, creouse un foro dentro da plataforma EVA no que se poden realizar todas as consultas e dúbidas día a día sobre as actividades e tarefas propostas. Este foro está atendido polo profesorado de xeito garantido no seu horario de atención ás titorías. Isto non quita de que tamén se podan realizar as consultas, tanto alumnado como pais e nais, a través doutros medios telemáticos ordinarios dentro da actividade docente habitual como o correo electrónico ou o ESPAZO-ABALAR.

3.2 Alumnado que non dispón dunha conexión continuada a Internet

O sistema proposto foi o envío a través do ESPAZO-ABALAR dunha serie de tarefas para facer todos os días, distribuídas por áreas e cunha recomendación diaria. Estas foron as seguintes:

Área de linguas:

- Diario de confinamento. Todos os días escribir como está a ser o encerro polo covid-19. Podedes darlle un toque de ficción ou seguir a realidade tal e como a estades a vivir. Mínimo quince liñas por día e cun debuxo.
- Lectura: Ler, ler, ler... e ademais, ler!. Ao rematar os libros facer fichas de lectura no ordenador (libre office writer). As lecturas teñen que ser de lingua castelá, lingua galega e inglés. Ao rematar tamén se poden facer cómics e debuxos sobre o lido. Unha por semana.
- Ditados que distraen a dúas persoas. Catro por semana, dous de lingua castelá e dous de lingua galega.

Áreas de ciencias:

- Repaso dos temas dados que están visibles en EvaOffline e facer de cada un deles,

un por semana, esquema e resúmen. Cando rematedes cada un dos temas repetimos os exercicios. Para estes quince días, facer unha presentación dun tema, a escoller, empregando o libre office impres.

Área de matemáticas.

- Exercicios de sumas, restas, multiplicacións e divisións de 1 e 2 cifras. Cada día dez exercicios de cada unha das diferentes operacións.
- Multiplicar e dividir pola unidade seguida de ceros seguindo a mesma frecuencia, cada día dez exercicios de cada unha das diferentes operacións.
- Pasar dunha unidade de medida a outra, cada día dez exercicios de cada unha das diferentes operacións.

Educación Física:

- realizar un baile, sesión de ximnasia, malabares, ioga... o que queirades pero facelo todos os días para poder manterse en forma.

Educación artística:

- Debuxos e manualidades, unha por semana a escoller entre as que fixemos na aula ou outra escollida por vós.

Tamén estes rapaces teran o envío semanal de material e tarefas preparadas polos titores e repartidas polo concello (*Ninguén atrás*).

As canles e vías de comunicación co alumnado e familias para este grupo de persoas sen conexión habitual á rede, foi o seguido habitualmente durante todo o curso, AbalarMobil ademáis das comunicacións telefónicas feitas polos titores

ALGUNHAS ACTIVIDADES:

- Esquemas e infografías de Ciencias Naturais e Sociais
- Realización de flipbooks
- Análise Morfolóxicos e Sintáticos
- Titoriais de debuxos e papiroflexia
- Taller de arte: “ Desde mi ventana”
- Fichas de reforzo de matemáticas (cálculo, problemas...)
- Proposta de participación en contacontos e recitais de poesía (telemáticos) que o centro realiza.
- Creación literaria: diarios, guía de supervivencia da cuarentena, bibliografías...
- Búsqueda de noticias relacionadas coa actualidade que estamos a vivir.
- Traballos de reflexión: cortos de valores e propostas para contar o que sinten por

medio do noso correo, chamadas as familias e encontros por videoconferencia.

4. Información e publicidade

Toda a información relevante estará presente na páxina web do centro.

As canles de comunicación entre o profesorado e as familias serán:

- Abalarmobil.
- Correo electrónico.
- Mensaxería e Foros do EVA.
- Videoconferencias Webex.
- Telefonía.